



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Modificación da convocatoria prazas Lousame Concilia Verán 2026.

**Expediente:** 2026/S012/000001

*Expediente convocatoria actividades de conciliación: 2026/S012/000001*

Vista a necesidade deste Concello de prestar o servizo Lousame Concilia, de atención e coidado de menores fóra dos períodos e horarios escolares, para facilitar a conciliación familiar e laboral das familias de Lousame.

Vista a Resolución núm.315/2026 de data 26/05/2026 da convocatoria de prazas no Servizo Lousame Concilia Verán 2026.

Por medio da presente,

### **DISPOÑO:**

1º.- Anular a Resolución núm.315/2026 de data 26/05/2026 de convocatoria de prazas no Servizo Lousame Concilia Verán 2026.

2º.- Aprobar a convocatoria de prazas para menores de 3 a 16 anos no Servizo Lousame Concilia para o período de vacacións escolares de verán, meses de xullo e agosto de 2026. O servizo prestarase de luns a venres, excepto festivos, de 9:30 a 14:30, en instalacións do CPI Cernadas de Castro.

3º.- Ofertar corenta prazas, ou en todo caso as prazas necesarias para atender as solicitudes de menores empadroados no concello como mínimo cun dos proxenitores cunha antigüidade de máis dun ano, sen superar os rateos de menores/monitorado que estableza a normativa segundo a idade e/ou as condicións da licitación do servizo Lousame Concilia.

4º.- Establecer o prazo de inscrición para menores empadroados en Lousame dende 1 ao 7 de xuño, ambos incluídos. De non cubrirse as corenta prazas ofertadas abrirase un segundo prazo para menores non empadroados. O impreso de solicitude, que se pode descargar da páxina web municipal, presentarse no Rexistro Xeral municipal xunto coa documentación obrigatoria e aquela outra documentación necesaria para acreditar a situación socioeconómica da unidade familiar que a persoa solicitante indique na súa solicitude.

5º.- Se co número de solicitudes de menores empadroados se superasen os rateos de menores/monitorado que estableza a normativa segundo a idade e/ou as condicións da licitación do servizo Lousame Concilia, levarase a cabo a valoración das solicitudes coa aplicación dos criterios establecidos na Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Plan Corresponsables en Galicia dirixido a entidades locais e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI436A).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Será criterio de valoración preferente no acceso ao servizo o nivel de renda per cápita das unidades familiares solicitantes, salvo casos debidamente xustificados de necesidade inmediata de prestación do servizo.

Unha vez ordenadas as solicitudes por orde crecente de renda per cápita das unidades familiares, no caso de empate, terán preferencia no acceso ao servizo os seguintes colectivos:

- Familias monoparentais.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas en risco de exclusión social.
- Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado/a.
- Unidades familiares nas cales existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo.

Tales circunstancias acreditaranse documentalmente na seguinte forma:

Criterios de valoración preferente no acceso ao servizo	Documentación a presentar
Nivel de renda per cápita das unidades familiares solicitantes	Libro de familia ou documento equivalente que acredite o nº membros que compoñen a unidade familiar. Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas 2024, ou, á falta desta, un certificado tributario de imputación de rendas dos membros computables da unidade familiar
Familias monoparentais	Certificado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia
Mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contras as mulleres	Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, conforme á normativa vixente.
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo emitido polo órgano da Administración correspondente.
Persoas en risco de exclusión social	Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado/a.	Documentación xustificativa da situación, conforme á normativa vixente.
Unidades familiares nas cales existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo.	Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

De non quedar suficientemente acreditada a situación socioeconómica da unidade familiar indicada pola persoa solicitante no impreso de solicitude, o concello poderá requirir que aporten outra documentación.

6º.- Tras o período de inscrición, de non quedar solicitudes para lista de espera, publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipais a lista definitiva de solicitudes

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

admitidas. Pola contra, se o número de solicitudes de menores empadroados supera o límite máximo de prazas marcadas nos rateos de menores/monitorado que estableza a normativa segundo a idade, e/ou nas condicións da licitación do servizo Lousame Concilia, publicarase unha lista provisional de solicitudes admitidas e pendentes en lista de espera. Transcorrido un prazo de tres días hábiles para a presentación de alegacións, publicarase a lista definitiva. A lista de espera xestionarase para cubrir posibles baixas definitivas, seguindo a orde de admisión.

7º.- A prestación do servizo iniciarase o 1 de xullo e rematará o 31 de agosto.

8º.- Os prezos serán os establecidos na Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar publicada no BOP 247 de 29/12/2011.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, polo Alcalde, Esteban Ares García; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).